

NOTA DE PRENSA

Un total de 30 espectáculos e máis de 320 profesionais inscríbense nos XXVI Premios de Teatro María Casares

A primeira rolda de votacións xa está aberta a un censo de votantes conformado por máis de 450 profesionais do sector escénico. A finais de abril daranse a coñecer a relación de finalistas das catorce categorías nas que se estruturan os galardóns.

Santiago, 5 de abril de 2022.- Un total de 30 espectáculos e máis de 320 profesionais concorren aos XXVI Premios de Teatro María Casares, galardóns organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) dende a súa fundación en 1997 coa colaboración habitual de institucións e entidades como son a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña, a Deputación da Coruña, a Fundación SGAE, a Fundación AISGE ou Gadis. O proceso de inscrición finalizou o pasado 10 de marzo rexistrando unha gran participación ao inscribírense un total de 30 montaxes e 327 candidaturas de profesionais que se postulan para as catorce categorías nas que se dividen os premios: maquillaxe, vestuario, iluminación, escenografía, música orixinal, texto orixinal, adaptación-tradución, actor secundario, actriz secundaria, actor protagonista, actriz protagonista, dirección, espectáculo e espectáculo infantil.

Tras a fase de inscrición, a AAAG iniciou xa a primeira rolda de votacións, aberta xa a un censo formado por máis de 450 profesionais do sector das artes escénicas. Dese xeito, ademais do corpo asociativo da AAAG, poderán votar responsables da xestión e programación cultural, xornalistas, críticos e as persoas finalistas en edicións anteriores. Das súas votacións, sairán os espectáculos e profesionais finalistas en cada unha das catorce categorías, que se darán a coñecer a finais do abril na tradicional Festa de Finalistas, que se celebrará na Cafetería Lasso do Auditorio de Galicia. O prazo de votacións estará aberto até o 18 de abril ás 15.00 h.

Os Premios de Teatro María Casares son o gran escaparate do teatro, así como a gran festa para toda a profesión teatral. Este ano, a entrega celebrarase o vindeiro 2 de xuño no Teatro Rosalía Castro. Ese día entregarase ademais o Premio de Honra Marisa Soto, que se lle concede cada ano como homenaxe a unha persoa ou a unha entidade, e lerase o Manifesto Galego no Día Mundial do Teatro, que neste 2022 redactou o actor Fernando Dacosta.

Espectáculos inscritos nos XXVI Premios de Teatro María Casares

	Espectáculo	Compañía
1	...e poñerán esposas ás flores...	Stracciatella Teatro
2	A cazola de Lola	Tanxarina
3	A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño	Centro Dramático Galego / Companhia de Teatro de Braga
4	A Illa da deslembanza	Ártika Cía.
5	A lúa vai encuberta	Incendiaria / A quinta do Cuadrante
6	A parábola do angazo	Talía Teatro
7	Alén	A Formiga Producións Teatrais
8	Ás para Álex	Baobab Teatro
9	Cigarreiras	Contraproducións / Teatro Romea
10	Comando Comadres	Matrioshka Teatro
11	Cubo	Elefante Elegante
12	Do pracer e da Morte	A Feroz
13	Dolls, a mirada das que sobran	Agulla Producións
14	Drop	Pistacatro produtora de soños
15	Eurovisión (O fake show)	Bucanero
16	Gloria nacional	Teatro do Noroeste
17	Hugo	Os Náufragos Teatro
18	Leonardo e os Biosbardos	A Xanela do Maxín
19	Libre coma os paxaros	Teatro do Atlántico
20	Morgana en Esmelle	Sarabela Teatro
21	O charco de Ulises	Centro Dramático Galego
22	O neno Groba e Música	OGCA
23	Othello	Voadora
24	Quixote	Pedras de Cartón
25	Reino de Extinción	Amorodio Teatro
26	Serva me Servabo te	Centro Dramático Galego
27	Soga e cinsa	Aporía Escénica
28	Technocracia	Funboa Escénica
29	Terceiro acto	Centro Dramático Galego
30	Todo nunha noite	Abismo Caracol